



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Expte : 2598/232  
Retirada: 26-07-2024

Sr. Alcalde Presidente do  
Concello de Vigo

## LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO SUBSTITUCIÓN APOIOS LMTA SDM711"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle a resolución pola que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada Substitución apoios LMTA SDM711, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **25 de outubro de 2024**, a partir das **12 horas** sobre o terreo.

A resolución deberá estar exposta ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantarase sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.


A directora territorial  
Beatriz López del Olmo  
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Directora Territorial  
Data e hora: 09/07/2024 15:17:27

CVE: SG547WUJsm1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
Servizo de Coordinación Industrial  
Praza da Estrela s/n  
36201 Vigo



Resolución da Dirección Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Substitución apoios LMTA SDM711, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2023/167-4).

A instalación denominada Substitución apoios LMTA SDM711 foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 13 de febreiro de 2024, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **25 de outubro de 2024**, a partir das **12** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

**Substitución apoios LMTA SDM711**

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 solo
1	54057A045005480000AA	Retorta	Juan Graña Álvarez	1	1,21
2	54057A045000990000AH	Retorta	Ramón Villar Álvarez	2	1,21



